**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE XANEIRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e un de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbanse as actas das sesións das Xuntas de Goberno Local, correspondentes aos días 2 e 7 de xaneiro de 2015.

**ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase conceder as seguintes licenzas: para reforma interior de local para un multicine con 8 salas de exhibición de películas no centro comercial de abella para o que foron concedidas as licenzas urbanísticas municipais, número 1290/07 e números 970/10 e 234/14, sito na rúa da Orquídea, s/n, na planta 1ª, no local l-3-04; para movemento de terras e construción dun muro de peche e contención de terras situado na marxe esquerda do regato de Castelo, colocando sobre o muro un peche de postes e arame de 1 m de altura en Castelo de Abaixo e para legalización de modificación de nave invernadoiro con licenza 22/10 para instalación de viveiro de árbores froiteiras e execución de obras de remate, en Vilaestévez-San Xoán do Alto.

**2. XESTIÓN.-** Acórdase a declaración de ruína técnica e urbanísticas no expediente contraditorio de ruína do inmoble número 65 da rúa San Lourenzo.

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por membros da policía local adscritos ao Gabinete de Tráfico, durante o mes de xaneiro de 2015 e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito ao Servizo de Contabilidade, durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2015 e a aprobación da forma de compensación.



MURALLA
patrimonio da humanidade

Código Seguro de verificación:5Q7uzIeYuTQBUY7EF09iOA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 26/01/2015 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 5Q7uzIeYuTQBUY7EF09iOA== | PÁGINA | 1/3 |

5Q7uzIeYuTQBUY7EF09iOA==

Así mesmo, acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por unha funcionaria adscrita a Enxeñería e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda tomar razón dos servizos extraordinarios realizados por persoal adscrito a Servizos Sociais os días 22 e 23 de decembro de 2014 e a aprobación da súa compensación económica.

Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á brigada de Zona Rural e a aprobación da forma de compensación.

**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación do proxecto técnico e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación das obras do plan de sinalización horizontal e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto na contratación mediante lotes da subministración de papel para fotocopiadoras (lote 1), material de imprenta (lote 2) e material de oficina non inventariable (lote 3) mediante acordo marco con procedemento aberto. proposta de. apertura do procedemento de contratación.

Acórdase a prórroga polo prazo dun ano do contrato de contratación dos servizos de coordinación e desenvolvemento de actividades nos centros municipais casa da xuventude e casa da musica, dende o 10 de xaneiro de 2015 ata o 9 de xaneiro de 2016.

Así mesmo, acórdase a declaración de deserto do procedemento e apertura de novo prazo de licitación na contratación dun servizo de lacería e prestación de servizos asociados ao seu funcionamento no Concello de Lugo.

Acórdase a incoación de expedientes de resolución dos contratos administrativos na contratación das obras de construción dun edificio destinado a biblioteca municipal no barrio da Piringalla en Lugo e contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto técnico e dirección das obras de construción dunha biblioteca no barrio da Piringalla en Lugo.

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre



Código Seguro de verificación:5Q7uzIeYuTQBUY7EF09iOA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 26/01/2015 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 5Q7uzIeYuTQBUY7EF09iOA== | PÁGINA | 2/3 |

5Q7uzIeYuTQBUY7EF09iOA==

construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras 35/2013 outorgada para construción de tres naves apegadas na rúa dos Torneiros, 24-25.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:**

- Acórdase tomar razón do proxecto de demolición da ampliación do cemiterio de Muxa, en execución do auto ditado pola Sala do contencioso-administrativo sección 1, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data 12 de novembro de 2014.

**Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.**



Código Seguro de verificación:5Q7uzIeYuTQBUY7EF09iOA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| FIRMADO POR | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | FECHA | 26/01/2015 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | 5Q7uzIeYuTQBUY7EF09iOA== | PÁGINA | 3/3 |

5Q7uzIeYuTQBUY7EF09iOA==